



A Federación do ensino de CC.OO. de Galicia quere face manifestar a súa preocupación polas posibles consecuencias que a nivel laboral e educativo pode supor a aplicación do borrador do Real Decreto sobre ensinanzas mínimas proposto polo Ministerio de Educación (MEC). Deste xeito, conséntase que na área de Tecnoloxía, área na que se propón unha porcentaxe moi significativa de redución horaria:

1. Incúmprese por parte do MEC as promesas feitas á PLATAFORMA ESTATAL DE ASOCIACIÓNS DO PROFESORADO DE TECNOLOXÍA, referidas á reorganización das materias que se imparten en cada un dos cursos sen reducir o total de horas que se lles asignan na actualidade. No caso de Tecnoloxía pásase de 195 horas nos tres primeiros cursos da ESO a 140, o que fai un total de -55. E en 4º de ESO pásase de 85 a 70 o que fai un total de -15. Isto supón na práctica unha redución de carga horaria de aproximadamente o 30% co conseguinte perigo de **desprazamentos e supresións** de prazas para os funcionarios e a **perda de postos de traballo** para o profesorado interino así como para o profesorado da privada-concertada. Agrabándose a situación no caso de Galicia xa que na actualidade impártense un total de 295h (210 de 1º a 3º da ESO + 85 en 4º da ESO) co que alcanzaríamos un **40% DE REDUCCIÓN HORARIA**.
2. A aplicación do mencionado decreto suporía un grave deterioro da educación básica en Tecnoloxía, polo feito de eliminar do currículo común obrigatorio contidos de máxima vixencia e relevancia na actual sociedade de información. Todo isto contradí a necesidade tantas veces manifestada a nivel político e social de avanzar en innovación e desenvolvemento. Hai que facer constar que a inclusión da Tecnoloxía na LOXSE debeuse a un carácter progresista da reforma, buscando proporcionar aos alumnos unha educación integral, carácter que non debería sufrir retrocesos.

3. Hai que facer constar que a pesares dos acordos asinados no ano 1998 por CC.OO. e outras organizacións sindicais que garanten o dereito dos funcionarios definitivos a permanecer na súa localidade se perden horas lectivas e do compromiso do MEC no Acordo Básico Laboral do 20 de outubro de 2005 que garante que non se producirán cambios problemáticos na atribución horaria do profesorado que vexa reducida a súa carga lectiva polo desenvolvemento da LOE compartimos a preocupación de APETEGA e seremos esixentes no cumprimento do asinado para evitar repercusións laborais que impliquen redución de postos de traballo.
  
4. Por todo o exposto instamos á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para que se arbitren as oportunas medidas para que as posibles reducións lectivas , de calquer área ou materia ,non supoñan mermas laborais no posible profesorado afectado. Solicitamos asimesmo que insten ao Ministerio para que reconsidere a proposta de Borrador de Real Decreto buscando un desenvolvemento progresista da nova Lei de Educación e un ensino integral para o alumnado acorde ás necesidades laborais da sociedade actual.

Para que conste a todos os efectos asínase a presente en

Santiago de Compostela a 23 de novembro de 2006-11-21

Asdo. Rosario M.,Alonso Fernández

Secretaría Xeral da Federación do ensino de CC.OO. de Galicia

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA